

## INSTRUCCIÓN 5/2024 DA SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES PARA A RECOMPILACIÓN DE INFORMACIÓN DOS RESULTADOS ECONÓMICOS, CIENTÍFICOS TÉCNICOS E DE COMUNICACIÓN DOS CENTROS DE INVESTIGACIÓN DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS DAS AXUDAS OUTORGADAS AO AMPARO DO ESTABLECIDO NA ORDE DO 24 DE OUTUBRO DE 2023 COFINANCIADAS NO MARCO DO PROGRAMA FEDER GALICIA 2021-2027

A ORDE do 24 de outubro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, da acreditación da excelencia (científica, técnica ou artística) e das axudas para a estrutura, a mellora e o apoio aos centros de investigación do Sistema universitario de Galicia, susceptibles de seren cofinanciadas no marco do programa operativo Feder Galicia 2021-2027, e se convocan para o exercicio 2023 (código de procedemento ED431G), establece no seu artigo 16, entre outras, as seguintes obrigas das entidades beneficiarias:

“Facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración do instrumento no marco da avaliación da RIS3 Galicia ou doutros mecanismos, en particular as enquisas do INE, relacionados coa medición da I+D+i. Os datos asignados aos citados instrumentos de avaliación deberán estar consignados á Comunidade Autónoma de Galicia. No marco de seguimento e avaliación da RIS3 Galicia, desenvolverase un seguimento específico das axudas concedidas. Este seguimento estará baseado na **recompilación de información acerca dos resultados económicos e científico-técnicos obtidos polas entidades beneficiarias**. Para tales efectos, durante a execución e, ao finalizar a axuda (expost), **os beneficiarios deberán proporcionar información relativa a unha serie de indicadores, entre os que se incluírán indicadores xerais e específicos de I+D+i**”

Tendo en conta o anterior, no uso das competencias que teño atribuídas como secretario xeral de universidades, dito a seguinte instrución:

1 Establecer as directrices a seguir polas entidades beneficiarias para a recompilación da información que deben facilitar respecto dos seus centros de investigación receptores das axudas, segundo o establecido no artigo 16 da convocatoria.

2 A información solicitada abarca tres aspectos:



2.1 Recompilación anual dos resultados económicos obtidos polos centros de investigación das entidades beneficiarias (modelo do Anexo I).

2.2 Recompilación anual dos resultados científico-técnicos obtidos polos centros de investigación das entidades beneficiarias (modelo do Anexo II).

2.3 Recompilación semestral dos novos indicadores de comunicación establecidos pola Comisión Europea para o período 2021-2027 das actividades cofinanciadas por fondos europeos (indicadores do Anexo III).

### 3 No relativo á **recompilación anual dos resultados económicos e científico-técnicos** establécese o seguinte:

3.1 A información presentarase, en folla de cálculo editable nos modelos que figuran nos anexos I e II desta Instrución, a través do Rexistro electrónico da Xunta de Galicia e irá dirixida á Subdirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica Universitaria.

3.2 O prazo de presentación da información relativa aos anexos I e II finaliza o 28 de febreiro de cada ano e conterá os datos actualizados a 31 de decembro do ano anterior.

3.3 Excepcionalmente presentarase antes do 5 de agosto de 2024 a actualización destes datos a 31 de decembro de 2023. Neste caso o envío da información farase vía correo electrónico ao enderezo da Subdirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica Universitaria, [promocioncientifica.educacion@xunta.gal](mailto:promocioncientifica.educacion@xunta.gal)

### 4 No relativo á **recompilación semestral dos novos indicadores de comunicación** requiridos pola Comisión Europea, que figuran relacionados no Anexo III desta Instrución, establécese o seguinte:

4.1 Os prazos de presentación da información serán os que figuran a continuación:

- Ata o 31 de agosto para os datos rexistrados do 1 de xaneiro ao 30 de xuño dese ano.



- Ata o 28 de febreiro para os datos rexistrados do 1 de xullo ao 31 de decembro do ano anterior.

4.2 A forma de presentación desta información detallarase en posteriores comunicacións, á espera da súa concreta definición por parte das autoridades de xestión dos fondos europeos.

5 Aos efectos da recompilación da información requirida nesta instrución deberá designarse unha persoa de contacto responsable do envío dos datos, que poderá ser a mesma ou unha persoa diferente para cada tipoloxía de datos, indicando nome e apelidos, centro, posto, enderezo de correo electrónico e teléfono de contacto. Estes datos de contacto enviaranse ao enderezo de correo electrónico da Subdirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica Universitaria, [promocioncientifica.educacion@xunta.gal](mailto:promocioncientifica.educacion@xunta.gal) ata o 26 de xullo de 2024 (incluído).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital  
O secretario xeral de Universidades  
José Alberto Díez de Castro

